



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/3	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	22 de xaneiro de 2018
Duración	Desde as 19:05 ata as 19:29 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 15 de xaneiro de 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 15 de xaneiro de 2017.

Expediente 177/2018. Solicitud de sinal de pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por V. M. F., na que demanda autorización municipal para a instalación de un sinal de pasaxe permanente en rúa Noria, nº 21-Cangas, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 7592/2017. Solicitud de sinalización horizontal e vertical

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de ampliación de documentación.

Expediente 148/2018. Informe da Policía para sinalización vertical

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinalización vertical indicada no informe emitido o día 11.01.2018 pola Policía Local, que é como segue:

"O Departamento de Sinalización informa que no lugar de Erbelo, camiño da Ferruxiña, procede colocar un sinal de prohibido estacionar, ao tratarse dun camiño que non permite o

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

dobro sentido de circulación, producíndose atascos cando deixan os vehículos estacionados neste lugar".

Expediente 6098/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6.098/17.- Outorgar a M. R. G. C., con enderezo en Praza Píos, nº 7-Cangas, para no lugar da Praza Píos, nº5-Cangas, licenza de obras, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, para reformar a planta baixa en 46,00 m2., e outros tantos de primeiro andar, ampliar o primeiro andar en 1,65 m2., e 35,00 m2., de aproveitamento baixo cuberta, de conformidade co proxecto elaborado pola arquitecta G. H. N. en setembro de 2017. Antes do inicio das obras deberá presentar o proxecto de execución e oficios de dirección destas, deberá cumprir co establecido nos artigos 47 e 38 do PEPR e formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a setenta e tres mil novecentos setenta e tres euros con setenta e cinco céntimos (73.973,75 €).

Expediente 5898/2017. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

Expediente 2616/2017. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

Expediente 7220/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7.220/2017.- Outorgar a "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204 PB, para no lugar de Castrillón, nº 27-Coiro, licenza de obra para executar unha R.B.T.S., para canalización de 6 metros lineais e unha arqueta, de conformidade coa documentación presentada, a autorización do servizo de infraestruturas da Deputación de data 30.11.2017 e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose empregar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 147/2018. Dación de conta de vixencia de licenza de obras

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 147/2018.- Licenza nº 20.781.- Dase conta do informe da xefa do Servizo de Urbanismo de data 12 de xaneiro de 2018, no que se indica que a licenza de obras nº 20.781, a nome de O. D. R., segue en vigor ao non terse declarada expresamente a súa caducidade, de conformidade co disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Expediente 7718/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7.718/17.- Expediente de obras nº 25.351.- LICENZA Nº 24.269

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a J. M. S. E P. F. I., con enderezo no Espírito Santo, nº 42-Coiro, para unha vivenda unifamiliar no lugar das Gruncheiras-Coiro, construída ao abeiro da licenza municipal nº 24.269, tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, de data 12 de xaneiro de 2018 e informe emitido pola xefa do servizo de Urbanismo de data 16 de xaneiro de 2018. Así mesmo se aproba a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.



Expediente 165/2018. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 165/18.- Expediente de obras nº 24.536.- LICENZA Nº 23.542

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a "IMPERNOSA SL", con enderezo na Madalena, nº 112-Darbo, para unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Castelo-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal nº 23.542, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 16 de xaneiro de 2018 e o informe emitido pola xefa do servizo de Urbanismo de data 17 de xaneiro de 2018.

Segundo.- Apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

Expediente 7638/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7.638/17.- Expediente de obras nº 24.863.- LICENZA Nº 23.768

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación, a R. C. M., con enderezo en rúa Concepción Arenal, nº 21-Coiro, para unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Canaval-Rodeira, construída ao abeiro da licenza municipal nº 23.768, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 20 de decembro de 2017 e informe emitido pola xefa do Servizo de Urbanismo da mesma data.

Segundo.- Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

Expediente 7198/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7198/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. J. P. M., con enderezo a efectos de notificacións en Outeiro de Balea, nº 1B-Darbo-Cangas, para cerramento frontal de predio sito en Outeiro de Balea, nº 1B-Darbo, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 15.11.2017. O presuposto de execución das obras ascende a novecentos euros (900,00 €).

Expediente 5080/2017. Comunicación previa en materia urbanística



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE N° 5080/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "O COLMADO DE MARUJAMARÍA", con enderezo a efectos de notificacións en rúa Real, n° 24-Cangas, para acondicionamiento de local sito en rúa Real, n° 24-Cangas, de conformidade coa documentación técnica incorporada ao expediente redactada polo arquitecto F. B. P. de data 30 de outubro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a dezanove mil catrocentos trinta euros con trinta e dous céntimos (19.430,32 €). Unha vez finalizadas as obras debe presentar certificado final de obra e comunicación previa de inicio de actividade.</p>	

Expediente 114/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE N° 114/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. J. P. P., con enderezo a efectos de notificacións en Cancelo, n° 11-Pinténs-O Hío, para reformas en vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data xaneiro de 2018. O presuposto de execución material ascende a vinte e cinco mil euros (25.000,00 €).</p>	

Expediente 122/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE N° 122/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. C. C. B., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Lazareto, n° 19-Moaña, para reparación e mantemento de muro de cerramento de parcela sita na Retirosa-Coiro, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data xaneiro de 2018. O presuposto de execución material ascende a cincocentos oitenta e cinco euros (585,00 €).</p>	

Expediente 113/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE N° 113/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DOCÍO, 93", .con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Vigo, n° 93-Cangas, para limpeza e pintado de fachada de edificación sita na Avda. de Vigo, n° 93-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico R. S. C.de data 16 de setembro de 2017. O presuposto de execución material ascende a setecentos sesenta euros (760,00 €).</p>	

Expediente 6895/2017. Comunicación previa de apertura de actividade inocua

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 6895/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por P. G. P., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Vigo, nº 136-3ºH, para cambio de titularidade de tenda de roupa en rúa do Hío, nº 1-baixo, que ata agora rexentaba M. B. E, vista a acta de inspección da arquitecta de data 16 de xaneiro de 2018 obrante no expediente.	

Expediente 76/2017. Comunicación previa de apertura de actividade inocua	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 76/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por V. M. P., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Progreso/Montero Ríos, nº 2-2-Cangas, para ampliación de perruquería en rúa Progreso/Montero Ríos, nº 2, vista a acta de inspección favorable da arquitecta de data 16 de xaneiro de 2018.	

Expediente 1870/2017. Comunicación previa de apertura de actividade inocua	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 1870/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "SUN FRUIT SPAIN SL", con enderezo a efectos de notificacións en Monte Faquiña, nº 110-Mos, para inicio de actividade de venda de froitas e hortalizas no local sito na Avda. Montero Ríos, nº 14, segundo a acta de inspección favorable da arquitecta de data 16 de xaneiro de 2018.	

Expediente 6567/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 6567/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por E. I. P. con enderezo a efectos de notificacións en rúa Cega, nº 4, para cambio de titularidade de bar sito no local situado en rúa Cega, nº 4- baixo, que ata agora rexentaba F. J. G. A., vista a acta de inspección favorable da arquitecta de data 16 de xaneiro de 2018.	

Expediente 6669/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 6669/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. I. B. E., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Lugo, nº 13-1ºE-Coiro, para cambio de	



titularidade de tenda de roupa en rúa do Hío, nº 20-baixo, que ata agora rexentaba M. L. G., vista a acta de inspección favorable da arquitecta de data 17 de xaneiro de 2018.

Expediente 6324/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6324/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. C. S. P., con enderezo a efectos de notificacións no Lugar de Cima de Vila, nº 29–Darbo, para cambio de titularidade de café-bar na Avda. Montero Ríos, nº 11-baixo, que ata agora rexentaba M. L. S. F., segundo o informe favorable do arquitecto municipal de data 16 de xaneiro de 2018.

Expediente 3267/2017. Procedemento sancionador por ruídos

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto que con data 16 de maio de 2017, M. V. P. M., como administradora da finca da C.P. “A Fonte”, sita na Avda. de Bueu, nº 44-Cangas, presentou denuncia por ruído, por medio da cal o Concello tivo constancia da posible situación irregular consistente en que os niveis de ruído rexistrados nos puntos de medición no dormitorio e na fachada debido á actividade de pastelería se etopan por enriba dos límites máximos establecidos no Real decreto 1367/2007, de 19 de outubro, do ruído.

Visto que con data 26 de outubro de 2017, foi emitido informe pola xefa do servizo no que se indicaba a lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o informe dos servizos técnicos municipais de data 26 de outubro de 2017 emitido o respecto, que en síntese sinala que os feitos descritos son constitutivos de infracción administrativa en materia de contaminación acústica, tipificada como grave.

Vista que con data 26 de outubro de 2017, emitíuse Resolución de Alcaldía pola que se acordaba o inicio do procedemento sancionador, notificándoo aos interesados e concedéndolles un prazo de quince días para aportar cantas alegacións, documentos ou informacións estimaran convenientes.

Visto que con data 16 de xaneiro de 2018, se emitíu informe do instrutor sobre as alegacións presentadas no que consta unha alegación presentada por Patricia Otero Juncal, en calidade de administradora, representante legal de “A Golosa Morrazo SL”, co rexistro de entrada nº 13.935 de data 28 de novembro de 2017, así como proposta de Resolución da mesma data.

Examinada a documentación que a achega, con base nas competencias atribuídas no 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime local e á Resolución de 2 de xullo de 2015, propoño á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

ACORDO



PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións formuladas por P. O. J. en data 28 de novembro de 2017, con base no informe técnico obrante no expediente de data 17 de xaneiro de 2018, que considera que tramitado correctamente o expediente sancionador que nos ocupa.

SEGUNDO.- Considerar probados e declarar así os seguintes feitos:

- Os niveis de ruído rexistrados nos puntos de medición no dormitorio e na fachada debido a actividade de pastelería "A Golosa SL", sita en estrada de Aldán, nº 44, se entopan por enriba dos límites máximos establecidos no Real decreto 1367/2007, de 19 de outubro, do ruído e son ocasionados pola actividade de pastelería sita no baixo do edificio e con base na medición realizada por "Virocem SA", o 18 de xuño de 2017.

TERCEIRO.- Declarar responsables pola súa participación nos feitos a "A Golosa Morrazo SL".

CUARTO.- Declarar que os feitos arriba expostos son constitutivos de infracción administrativa en materia de contaminación acústica, tipificada como grave de conformidade co artigo 28 da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído.

QUINTO.- Impoñer unha sanción de seiscentos (600,00 €) e advertir da obriga de establecer cantas medidas correctoras resulten de aplicación, en caso contrario poderanse adoptar medidas que conleven o cese da actividade.

Expediente 5903/2017. Concesión do Servizo de Axuda no Fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de ampliación do servizo de SAF e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a C.F.L., con expediente nº 36008/02/000432-51749, a ampliación do Servizo de Axuda a Domicilio a través da queda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo do servizo total: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: cento sesenta e seis euros con oito céntimos (166,08 €/mes) (dous euros con trinta e sete céntimos (2,37 €/hora)).



Concello de Cangas

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: 23 de xaneiro de 2018.

Expediente 2124/2017. Variación no Servizo de Axuda no Fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de ampliación do servizo de SAF e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a C.S.V., con expediente nº 36008/02/000989–52215, a ampliación do Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo do servizo total: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: oitenta euros con cincuenta e cinco céntimos (80,55 €/mes) (un euro con setenta e nove céntimos (1,79€/hora)).

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: 23 de xaneiro de 2018.

Expediente 2147/2017. SAF 2062/01. Variación no Servizo de Axuda no Fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR A BAIXA a L.N.S., con expediente nº 36008/01/002062–24757, no Servizo de Axuda no Fogar, por falecemento do usuario.

Data de efectos da baixa: 19 de novembro de 2017.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Expediente 2157/2017. Variación no Servizo de Axuda no Fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR A BAIXA a M.A.G.C., con expediente nº 36008/02/000888–35371 no Servizo de Axuda no Fogar, por falecemento da usuaria.

Data de efectos da baixa: 17 de decembro de 2017.

Expediente 2138/2017. SAF 1666/01. Variación no Servizo de Axuda no Fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR A BAIXA a R.P.N., con expediente nº 36008/01/001666–50975 do Servizo de Axuda no Fogar, por falecemento da usuaria.

Data de efectos da baixa: 11 de decembro de 2017.

Expediente 2151/2017. Variación no Servizo de Axuda no Fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR A BAIXA a C.M.C., con expediente nº 36008/02/002165–36123 do Servizo de Axuda no Fogar, por falecemento da usuaria.

Data de efectos da baixa: 25 de decembro de 2017.

Expediente 138/2018. Concesión de axudas de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN"

E. G. G., xefe de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra).

Con relación na solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de Servizos Sociais Comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de oitocentos noventa e cinco euros con corenta céntimos (895,40 €), a M.G.B.*

Expediente 7662/2017. Proposta de aprobación do expediente de contratación da obra "Nova capa de rodadura en vieiros de Darbo, Aldán e O Hío"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía do día 16.01.2018, para aprobación do expediente de contratación da obra "NOVA CAPA DE RODADURA EN VIEIROS DE DARBO, ALDÁN E O HÍO", que é como segue:

"Expediente núm.: C-17/30__7662/2017"

Visto o Decreto de Alcaldía nº 2018-0039 de data 11.01.2018, polo que se inicia o expediente de contratación para a adxudicación do contrato administrativo de obra 'Nova capa de rodadura en vieiros de Darbo, Aldán e O Hío', financiada mediante a baixa xerada en diferentes investimentos incluídos no Plan Concellos do ano 2016.

Visto que a Intervención Municipal incorporou ao expediente documento contable de retención de crédito por importe de setenta e oito mil trescentos corenta e nove euros con trinta e catro céntimos (78.349,34 €), con cargo á aplicación orzamentaria 1532/61911 (número de asentamento 014130).

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico incorporouse ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta licitación e que constan no expediente os preceptivos informes de Secretaría (15.01.2018) e Intervención (informe 2018-0002 [SCM-002-18] do día 15.01.2018).

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra 'Nova capa de rodadura en vieiros municipais de Darbo, Aldán e O Hío', xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 1532/61911 do vixente orzamento municipal.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil de contratante.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención".

Expediente 2789/2017. C-17/09. Proposta de adxudicación definitiva do contrato de "Servizo de asesoría xurídica, asistencia letrada e defensa en xuízo"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía do día 18.01.2018, para adxudicación definitiva do contrato de "SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA, ASISTENCIA LETRADA E DEFENSA EN XUÍZO", que é como segue:

"Expediente núm.: C-17/09__2789/2017

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de 'Servizo de asesoría xurídica, asistencia letrada e defensa en xuízo do Concello de Cangas'.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da 'UTE BUFETE ROIBAS ABOGADOS, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS LEI 18/1982 DE 26 DE MAIO, por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa.

Visto que o licitador achegou en tempo e forma (registro de entrada nº 2018-E-RC-531 do día 17.01.2018) a documentación requirida relativa ao compromiso de constitución formal en UTE, personalidade e capacidade para contratar, xustificación de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, acreditación de que cumpre coa solvencia económica e financeira e técnica e profesional esixidas para a adxudicación do presente contrato e que así mesmo constituíu garantía definitiva por importe de mil seiscientos corenta e un euros con vinte céntimos (1.641,20 €) mediante transferencia bancaria.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar á 'UTE BUFETE ROIBAS ABOGADOS, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS LEI 18/1982 DE 26 DE MAIO', o contrato do 'Servizo de asesoría xurídica, asistencia letrada e defensa en xuízo do Concello de Cangas', cuxo importe anual ascende á cantidade de dezanove mil oitocentos cincuenta e oito euros con cincuenta e dous céntimos (19.858,52 €) (21% de IVE incluído).

Segundo.- O prazo máximo de duración do contrato é de dous (2) anos, comezando a súa execución o día 01.02.2018.



Concello de Cangas

Terceiro.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 920/226.04 do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Notificar a 'BUFETE ROIBAS ABOGADOS, UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS LEI 18/1982 DE 26 DE MAIO', a adxudicación do contrato e requirir ao seu representante, J. M.R. V., para que se constituían formalmente en Unión Temporal de Empresas como paso previo á formalización do contrato.

Quinto.- Notificar a adxudicación do contrato aos licitadores que non resultaron adxudicatarios nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP.

Sexto.- Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante e comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP.

Sétimo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850